

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 9

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

A lenda dos Mariños

Descrición da unidade

Esta unidade desenvólvese dentro do marco do imaxinario popular. Comeza coa lenda dos Mariños e remata cunha breve exposición sobre algúns seres característicos da mitoloxía galega: tardos, nubeiros, mouros e mouras. A lenda trabállase tamén nos apartados de Expresión e Literatura, de maneira que o alumnado se interese polo coñecemento da literatura popular e saiba apreciála. O texto inicial proporciona, ademais, exemplos para practicar os contidos léxicos, gramaticais e ortográficos que se abordan despois: os sufixos apreciativos, o adxectivo cualificativo e o uso dos dous puntos e das comiñas. Así, á parte de mellorar a súa competencia lingüística, os escolares aprenderán a valorar o patrimonio natural da nosa paisaxe, e o cultural das nosas tradicións.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquieran e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á costa.
- Sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
- Identificación dos adxectivos: diferenza entre explicativos e especificativos; graos.
- Uso dos dous puntos e das comiñas.
- Redacción de textos longos.
- Características das lendas.
- Aspectos do patrimonio cultural.

Temporalización:

Marzo

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido á costa.
2. Formar palabras con sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
3. Coñecer os adxectivos, diferenciar entre explicativos e especificativos e identificar o grao no que están.
4. Utilizar correctamente os dous puntos e as comiñas.
5. Coñecer as características das lendas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dunha lenda. • Adquisición de novo vocabulario referido á costa e formación de palabras derivadas mediante sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos. • Identificación e uso dos adxectivos. • Uso dos dous puntos e das comiñas. • Redacción de textos longos. • Características das lendas. • Coñecemento do patrimonio cultural: seres mitolóxicos. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler unha lenda con fluidez e comprensión.	1.1. Le unha lenda con fluidez e corrección. 1.2. Comprende o sentido global dunha lenda e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á costa e formar palabras con sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á costa e palabras novas. 3.2. Crea palabras a partir doutras, engadindo sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos dados.
	4. Recoñecer os adxectivos e as formas que presentan segundo o grao no que estean.	4.1. Identifica os adxectivos e diferencia entre adxectivos explicativos e especificativos. 4.2. Diferencia os graos do adxectivo. 4.3. Forma correctamente os comparativos de igualdade, de superioridade e inferioridade. 4.4. Forma correctamente o superlativo.
	5. Utilizar correctamente os dous puntos e as comiñas.	5.1. Coñece as normas de uso dos dous puntos e das comiñas e aplícaas correctamente.
	6. Engadir oracións a un texto para facelo máis longo.	6.1. Crea un texto máis longo, a partir doutro dado, engadindo parágrafos novos.
	7. Coñecer as características das lendas.	7.1. Recoñece as características propias dunha lenda.
	8. Aprender algúns aspectos do patrimonio cultural.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos do patrimonio cultural.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le unha lenda con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global dunha lenda e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á costa e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
3.2. Crea palabras a partir doutras, engadindo sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Identifica os adxectivos e diferencia entre adxectivos explicativos e especificativos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.
4.2. Diferencia os graos do adxectivo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
4.3. Forma correctamente os comparativos de igualdade, de superioridade e inferioridade.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.
4.4. Forma correctamente o superlativo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
5.1. Coñece as normas de uso dos dous puntos e das comiñas e aplícaa correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Crea un texto máis longo, a partir doutro dado, engadindo parágrafos novos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.

7.1. Recoñece as características propias dunha lenda.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 4 de ampliación dos RF.• Actividades propostas na PD.• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos do patrimonio cultural.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Coida o contorno ambiental.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Elabora textos propios a partir da información obtida en distintas fontes.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información na Rede.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.

	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Mostra iniciativa na busca e o tratamento da información.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implicase activamente nos traballos de grupo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora e respecta a paisaxe. Valora a carta como medio de comunicación interpersonal. Valora o imaxinario popular como elemento cultural que define a un pobo.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.	Pide axuda se a necesita.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para desenvolver traballos de grupo e expoñer un tema diante dos compañeiros.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.
	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese e respecto pola cultura popular.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos a lenda no CD-Audio ou lémosllela en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos suxestións metodolóxicas da PD e coa ficha de comprensión lectora dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á costa no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de palabras mediante sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar os adxectivos (tipos e graos).
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso dos dous puntos e das comiñas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a redactar textos longos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA as características das lendas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coa ficha de ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos da nosa cultura.

- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e de expresión, tanto oral como escrita, mediante as diferentes modalidades textuais que se ofrecen na unidade.
- Cómpre reforzar o interese polo traballo en equipo, sempre baixo a guía e a supervisión do profesor ou profesora, que ofrecerá a súa axuda, orientará o alumnado, asegurarse de que todos os membros de cada grupo traballa por igual, proporcionaralles información e recursos, etc.
- Asemade, é importante traballar a exposición de temas en público, de maneira que os escolares perdan o «pánico escénico» (especialmente aqueles que son máis introvertidos) e desenvolvan a expresión oral.
- Coma sempre, é fundamental fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Tamén, é importante reforzar os contidos que ofrezan maior dificultade para os alumnos con abundante práctica. Lembre que pode reforzar e ampliar a información do libro coas actividades fotocopiáveis e co libro dixital.
- Se as circunstancias o permiten, sería interesante ver na clase a película *O apóstolo*. Atopará o tráiler, a sinopse, xogos, etc., na páxina web <http://www.oapostolo.es/>

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Agustín Fernández Paz: *A praia da esperanza*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - M.^a Victoria Moreno: *Mar adiante*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - VV.AA.: *Dicionario dos seres míticos galegos*, Edicións Xerais.
 - VV.AA.: *Pequena mitoloxía de Galicia*, Edicións Xerais.
 - Xosé Miranda: *Lúa e os nubeiros*, Ed. Galaxia, col. Árbore.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.

- Información de interese:
 - Museo do mar de Galicia: <http://museodomar.xunta.es/gl>
 - Galicia encantada: <http://www.galiciaencantada.com>
 - «Lendas e mitoloxía popular galega» (de Xosé Miranda):
http://www.aelg.org/resources/centrodoc/members/paratexts/pdfs/autor256/PT_paratext2476.pdf

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?